

## **CIRCULAR INFORMATIVA**

### **NOVAS OBRIGAS DE INFORMACIÓN ÁS PERSOAS TRABALLADORAS**

Estimado/a cliente:

O **Real Decreto 723/2026, do 9 de setembro**, establece novas obrigas para as empresas en relación coa información que debe facilitarse por escrito ás persoas traballadoras sobre os principais elementos da súa relación laboral e as súas condicións de traballo.

A norma **entrará en vigor o próximo 5 de outubro de 2026**.

#### **¿QUE CAMBIA?**

A partir desta data, ademais da información que xa figura habitualmente nos contratos de traballo, será necesario facilitar por escrito determinados datos e condicións que **non adoitan estar recollidos nos contratos actuais**.

Entre outros aspectos, é necesario informar sobre:

- Os criterios de cálculo das **retribucións variables**.
- Determinados aspectos relativos á **distribución da xornada, cambios de horario e quendas**.
- As condicións aplicables ao **período de proba e á formación**.
- A existencia de **sistemas algorítmicos ou automatizados** que poidan afectar a determinadas decisións laborais.
- A existencia de **plan de igualdade, medidas de conciliación e protocolo fronte ao acoso sexual e por razón de sexo**, cando proceda.
- As **medidas e recursos previstos para a igualdade das persoas LGTBI**, cando existan.
- A identificación completa do **convenio colectivo aplicable** e outros datos específicos previstos pola norma.

#### **INFORMACIÓN QUE DEPENDE DE CADA EMPRESA**

É importante sinalar que **determinada información depende exclusivamente da realidade e organización interna de cada empresa**.

Será, polo tanto, responsabilidade da súa empresa **comprobar, completar e manter actualizada esta información**, especialmente en cuestións como: existencia e aplicación de protocolos fronte ao acoso, plans ou medidas de igualdade, medidas ou políticas de conciliación, medidas previstas para a igualdade das persoas LGTBI, sistemas de retribución

variable, sistemas automatizados ou algorítmicos utilizados na empresa e sistemas específicos de distribución da xornada ou quendas.

A asesoría poderá facilitar o **modelo ou documento correspondente**, pero a información que dependa da organización interna da empresa deberá ser **cumprimentada, revisada e validada pola propia empresa**, que será responsable da súa veracidade e actualización.

### **MOI IMPORTANTE: NOVAS CONTRATACIÓNS**

A obriga de **dar de alta a persoa traballadora na Seguridade Social con carácter previo ao inicio da prestación de servizos mantense**.

A esta obriga engádese agora a necesidade de que a persoa traballadora reciba a información esixida **antes de comezar a traballar**.

Por este motivo, as **novas incorporacións deberán comunicarse a esta asesoría coa debida antelación**, para poder faguer os trámites correspondentes e permitir que a empresa cumpra coa obriga de facilitar a información previa ao inicio da relación laboral.

**Non será suficiente con comunicar unha contratación inmediatamente antes do inicio do traballo como se está a faguer agora.**

### **TRABALLADORES QUE XA ESTÁN NA EMPRESA**

As persoas traballadoras que xa estean prestando servizos e **soliciten recibir esta información** terán dereito a obtela dentro do prazo legal establecido.

A empresa deberá, polo tanto, estar en disposición de facilitar a información que lle sexa solicitada nun prazo de 30 días hábiles.

### **DOCUMENTACIÓN E MODELO OFICIAL**

Desde a asesoría estamos preparando a adaptación da documentación necesaria para dar cumprimento a estas novas obrigas.

En calquera caso, a norma **entrará en vigor o 5 de outubro de 2026**, polo que recomendamos extremar a previsión e **comunicar á asesoría con suficiente antelación calquera nova incorporación**, evitando que ningún traballador comece a prestar servizos sen que a súa incorporación fose previamente comunicada.

En caso contrario, **esta asesoría non poderá garantir o cumprimento das obrigas derivadas da normativa nin asumir a responsabilidade que puidese derivarse da falta ou demora na comunicación por parte da empresa**.

Seguiremos informándolles de calquera novidade ou instrución que se publique ao respecto.

Atentamente,

**Asesoría Bieito**